



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia no acto de entrega do XXIX Premio “Celanova, Casa dos Poetas”

Auditorio Municipal Ilduara (Celanova), 8 de setembro de 2013

Alcalde de Celanova,
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,
Presidentes das Fundacións Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro,
Amigas e amigos:

Ao vir a Celanova, Casa dos Poetas e cerne de culturas, a entregar o Premio da Fundación Curros Enríquez con esta preciosa medalla que Acisclo Manzano deseñou, quero agradecer a honra que para min supón poder facelo. E tamén poder engadir algún outro “C” á orla do premio, amais das lembranzas a Celso Emilio Ferreiro, Castor Elices e Celanova que a medalla ten.



Os primeiros “ces” son os de “corazón” e mais “colaboración”, pois só dende a fraternidade se pode acadar un exitoso funcionamento de calquera empresa cultural.

O segundo “C” é o de cumio, a loita pola excelencia que tanto a Fundación outorgante coma a empresa premiada teñen na súa andaina. Parabéns ás dúas.

E, por último, o “C” de confianza en que este País, as súas institucións e todos nós, XUNTOS, poidamos seguir loitando pola nosa identidade, a nosa lingua, a nosa cultura (outro “C” máis) e un futuro de porvir.

Logo de escoitar a gabanza que aquí se fixo da empresa galardoada pouco ou nada queda por dicir.

Hai, no entanto, dúas realidades ás que quero referirme.

Se non estou equivocada, esta é a primeira ocasión en que o Premio “Celanova, Casa dos Poetas” é outorgado, e moi merecidamente por certo, a unha empresa, o Grupo “R”.



Lonxe de se tratar dunha decisión intrascendente, este premio acredita non só os méritos abondosos da entidade galardoada senón tamén, e sobre todo, o camiño sen retorno que a normalización da cultura e a lingua de Galicia transita desde hai décadas.

Como é sabido, cada ano, desde 1985, o Premio “Celanova Casa dos Poetas” foi outorgado a persoeiros da talla de Carballo Calero, Ánxel Fole, Xaquín Lourenzo (Xocas), Carlos Velo, Laxeiro, Carlos Casares, Colmeiro, Díaz Pardo, Fernández del Riego, José Ángel Valente, Xaime Quesada, e tantos outros (desculparán que citase só aos que xa non están connosco), ou a institucións como a Real Academia Galega.

Que este galardón recaia agora sobre unha empresa que asumiu con naturalidade os sinais de indentidade –retranca incluída– do país no que se asenta constitúe tamén unha chamada de atención sobre a corresponsabilidade que todos –institucións e sociedade civil no seu conxunto– temos na nobre tarefa de poñer en valor a totalidade da nosa cultura nas súas diferentes manifestacións: as que herdamos, as que construímos paseniñamente e as que legaremos aos que nos sucedan.



Por iso, reitero os meus cordiais parabéns á empresa galardoada.

E a todos, moitas grazas.